



**PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE CULTURA SOBRE  
CONVOCATORIA E CONCESIÓN DOS PREMIOS CORRESPONDENTES AO I  
CONCURSO DE CURTAMETRAXES REALIZADAS CO MÓBIL**

Visto o disposto na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, así como, o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Vista a ordenanza xeral de subvencións do concello de Burela publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo n.º 236 de 15 de outubro de 2005.

Visto que se considera convinte efectuar a convocatoria de premios correspondentes ao I concurso de curtametraxes realizadas co móbil por procedemento de concurrencia competitiva. Visto o informe da Intervención Municipal obrante no expediente.

Trala deliberación dos membros da Xunta de Goberno Local, esta por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO:** Aprobar as **Bases Reguladoras da concesión dos premios correspondentes ao I concurso de curtametraxes realizadas co móbil** e que a esta continuación se transcriben:

**BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DOS PREMIOS CORRESPONDENTES AO I  
CONCURSO DE CURTAMETRAXES REALIZADAS CO MÓBIL**

A Delegación de Cultura e Xuventude do Concello de Burela presenta o I Concurso de Curtametraxes Realizadas co Móbil, adscrito ás seguintes bases:

**CAPÍTULO 1.- DOS PARTICIPANTES.**

**PRIMEIRA.**

No concurso poderán participar todas as persoas ou colectivos que o desexen, residentes en calquera parte do mundo, e que conten no caso de ser preciso con representante maior de idade. Aquelas persoas ou colectivos cuxo/a representante sexa menor de idade no momento da inscrición deberán contar coa autorización do seu pai/nai ou titor legal, debendo indicar os datos destes na ficha de inscrición.

**SEGUNDA.**

Dentro do concurso establécense dúas categorías:

CATEGORÍA XERAL, na que poderán participar todas aquelas persoas e colectivos que o desexen.

CATEGORÍA CENTROS DE ENSINO, na que poderán participar alumnas e alumnos de centros de primaria, secundaria e bacharelato, concursando en representación do centro, e contando ou non coa colaboración do profesorado na realización da curta.

**CAPÍTULO 2.- REQUISITOS DAS OBRAS**

**TERCEIRA.**

As curtametraxes presentadas poderán estar gravadas coa cámara de calquera tipo de teléfono móbil, podendo logo, se se desexa, editarse e posproducirse con ferramentas externas.

---

**Concello de Burela**

Rúa Eijo Garay, 20, Burela. 27880 Lugo. Tfno. 982586000. Fax: 982585945



#### **CUARTA.**

As curtametraxes deberán ser orixinais e inéditas, e non poderán estar subidas públicamente á rede no momento da convocatoria e desenvolvemento do concurso.

#### **QUINTA.**

Cada curtametraxe presentada a concurso deberá ter título.

#### **SEXTA.**

O idioma das curtametraxes debe ser o galego ou o castelán, ou ben estar subtituladas en algún destes dous idiomas.

#### **SÉTIMA.**

As curtametraxes terán unha duración máxima de 5 minutos, incluídos os títulos de crédito se os houber, e estar gravadas na máxima resolución e calidade posibles. Os formatos de arquivo pode ser MOV, MPEG4, AVI, WMV, MPEGPS, FLV, 3GPP, WebM.

#### **OITAVA.**

Cada concursante pode presentar un máximo de 1 curtametraxe, sendo o tema libre.

### **CAPÍTULO 3.- INSCRICIÓN.**

#### **NOVENA.**

O prazo de inscrición (e envío das curtas) comezará o 15 de marzo e rematará o 6 de xuño de 2017 ás 12 a.m. Este prazo poderá ampliarse se a organización o estimase oportuno.

#### **DÉCIMA.**

A inscrición efectuarase a través do correo electrónico: [concursocurtasburela@gmail.com](mailto:concursocurtasburela@gmail.com), mediante un documento que inclúa os seguintes datos: nome, apelidos, DNI, data de nacemento, teléfono e correo electrónico da persoa responsable da obra, título da obra, breve sinopse da mesma e descrición do modelo de teléfono móbil usado para a súa gravación. As curtametraxes serán enviadas como arquivo adxunto ou ben a través de ligazón a un servidor externo (Mega, Wetransfer ou similares) onde se atopen aloxadas.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA**

Se a curtametraxe foi realizada por varios autores, deberá figurar un deles na solicitude de inscrición e deberase indicar o nome, data de nacemento e DNI do resto de autores da curta no apartado de coautores.

#### **DÉCIMO SEGUNDA**

Os participantes no Certame quedan informados e autorizan que os datos persoais facilitados ao inscribirse no concurso, sen cuxa facilitación non se poderá participar no mesmo, incorporaranse a un ficheiro automatizado, titularidade do Concello de Burela e serán tratados coa finalidade de desenvolver a súa participación no concurso.

Ante o non cumprimento das bases, o Concello de Burela queda facultado para rexeitar as obras dos participantes por non cumprir cos requisitos de participación.



A Organización recomenda aos participantes non deixar a inscrición para o último momento, debido aos posibles colapsos de rede que se puidesen producir ao coincidir un alto número de inscricións nos últimos días de prazo. A Organización non se responsabiliza das consecuencias derivadas deste feito, admitindo exclusivamente as inscricións realizadas a través do formulario oficial do concurso.

#### **CAPÍTULO 4.- PREMIOS**

##### **DECIMO TERCEIRA.**

Un xurado, composto por representantes do mundo da cultura e o audiovisual, outorgará os seguintes premios:

- Premio á mellor curta na categoría xeral: 600 euros, diploma e trofeo.
- Premio á mellor curta na categoría de centros de ensino: 500 euros en material informático en calquera establecemento de APP INFORMÁTICA e diploma e trofeo.
- Premio ao mellor actor: 150 € e trofeo
- Premio á mellor actriz: 150 € e trofeo
- Premio do Público, á mellor curta elixida polo público asistente ás proxeccións do concurso: 300 € e trofeo

Estes premios estarán suxeitos á retención do IRPF que establece a lexislación vixente.

##### **DECIMO CUARTA.**

Os premios non poderán ser acumulativos, reembolsables nin intercambiabes. O premio é único independentemente do número de autores da curta.

##### **DÉCIMO QUINTA.**

Os premios poden quedar desertos se o xurado así o decide. O fallo do xurado será inapelable.

#### **CAPÍTULO 5.- DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO**

##### **DECIMO SEXTA.**

Todas as obras recibidas que se axusten ás bases desta convocatoria e cumpran uns requisitos mínimos de calidade e condicións técnicas, pasarán á fase de concurso.

No caso de que o número de curtametraxes recibidas supere unha cantidade razoable para a súa proxección pública no Auditorio, o xurado fará unha selección das mesmas.

O xurado do concurso visionará todas as curtametraxes admitidas a concurso e emitirá o seu fallo, adxudicando os premios establecidos a excepción do Premio do Público.

##### **DÉCIMO SÉTIMA.**

As curtas admitidas a concurso serán proxectadas no Auditorio Municipal de Burela nas datas 9, 10 e 11 de xuño, sendo nesta proxección onde o público asistente emitirá os seus votos por escrito para outorgar o Premio do Público.

##### **DÉCIMO OITAVA.**

Unha vez resolto o concurso, a organización solicitará aos premiados/as a acreditación de todos os datos facilitados na inscrición no concurso, facéndose efectivos os premios tras a comprobación de ditos datos.



## **DÉCIMO NOVENA.**

O fallo do xurado e o Premio do Público serán publicados na páxina de Facebook da Delegación de Cultura e Xuventude do Concello de Burela.

## **CAPÍTULO 6.- CUESTIÓNS XERAIS**

### **VIXÉSIMA.**

A Organización do concurso resérvase o dereito de excluír todas aquelas obras cuxo contido sexa obsceno, violento, sexista, racista, homofóbico ou vulnere algún dereito fundamental da persoa.

### **VIXÉSIMO PRIMEIRA.**

Coa presentación do vídeo a concurso os/as participantes garanten que non achegarán materiais que supoñan vulneración algunha dos dereitos de propiedade intelectual ou industrial de terceiros, polo que liberan absolutamente ao Concello de Burela de toda responsabilidade derivada do calquera incumprimento de calquera norma ou infracción de dereitos de terceiros por parte dos/as participantes, asumindo estes/as a obrigaçión de manter ao Concello de Burela libre de toda responsabilidade no devandito caso. No caso de utilizarse música, os dereitos de explotación sobre dicha música para a súa inclusión no vídeo deberán pertencer íntegra, lexítima e exclusivamente ao participante do concurso, ou tratarse de música libre de dereitos de autor.

Os concursantes responsabilízanse de que non existan dereitos a terceiros polo uso de pezas musicais nas obras presentadas, nin reclamación algunha por dereitos de imaxe das persoas que aparezan nelas, así como de que as curtas presentadas non estean sometidas a reclamación legal algunha e se atopen dentro do establecido pola lei de propiedade intelectual, eximindo á Organización de calquera tipo de responsabilidade.

### **VIXÉSIMO SEGUNDA.**

Os/as participantes no concurso ceden ao Concello de Burela os dereitos de explotación dos vídeos presentados, incluíndo os dereitos de uso, difusión, distribución, exhibición, comunicación pública, divulgación e reprodución por Internet ou calquera outro medio audiovisual, mostra ou exhibición, dos vídeos enviados ao mesmo, así como o dereito de transformación, na medida necesaria, para realizar montaxes máis curtas dos vídeos ou editalos de forma conxunta con outros vídeos, e especialmente para incluír nos títulos dos créditos o recoñecemento á autoría dos mesmos. Dita cesión realízase de forma gratuíta e non exclusiva, a nivel mundial.

A organización, así mesmo, resérvase o dereito de utilizar os vídeos seleccionados e recibidos con fins promocionais e/ou de difusión, os cales se exercitarán sempre co recoñecemento da súa condición de autor, excepto manifestación en contra.

### **VIXÉSIMO TERCEIRA.**

Calquera eventualidade imprevista xurdida en relación co desenvolvemento do I Concurso de Curtametrexes Realizadas co Móbil e non contemplada de forma expresa nestas bases será resolta de acordo co criterio da organización. Así mesmo, a organización non se fai responsable da mala ou nula recepción dos materiais.

### **VIXÉSIMO CUARTA.-**

A participación neste Concurso supón a aceptación plena das súas bases.



**SEGUNDO:** Que se someta a concorrenia competitiva a través da Base de Datos Nacional de Subvencións, que coordinará a publicación no Boletín Oficial correspondente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE Á MARXE